

REGULAMENTO DA QUENDA DE OFICIO

Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente regulamento ten como obxectivo establecer un marco normativo claro, efectivo e actualizado para a organización e a prestación do servizo de asistencia letrada no ámbito do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela (en diante ICASC). En consonancia coas disposicións establecidas na Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta e no Decreto 269/2008 da Xunta de Galicia, esta normativa busca garantir o acceso igualitario á xustiza para todas as persoas, especialmente aquelas en situación de vulnerabilidade económica.

A quenda de oficio e a asistencia letrada a persoas detidas, investigadas e vítimas –entendendo por vítimas todas aquelas que teñan dereito ao beneficio de asistencia xurídica gratuíta segundo a lexislación vixente– son piares fundamentais na salvagarda dos dereitos fundamentais, entre os que se atopa o dereito a unha defensa adecuada. Por este motivo, este regulamento non só establece as obrigas e os dereitos dos avogados e avogadas que se adscriben a estes servizos, senón que tamén define os requisitos de acceso, as condicións de prestación e os mecanismos de supervisión e sanción necesarios para asegurar a calidade do servizo.

Así mesmo, o texto normativo aborda aspectos esenciais como a organización das quendas, as listaxes das gardas, as especialidades dentro da asistencia xurídica gratuíta e a regulación de incompatibilidades e sancións. Todo isto co propósito de ofrecer un servizo eficiente, equitativo e adaptado ás necesidades da cidadanía.

No desenvolvemento deste regulamento considerouse a experiencia acumulada e as necesidades específicas do territorio, garantindo que a súa aplicación sexa coherente cos valores éticos e profesionais que rexen o exercicio da avogacía.

O compromiso do ICASC é velar polo respecto aos principios de xustiza, igualdade e profesionalidade, fortalecendo con este regulamento a confianza da sociedade no sistema xudicial e no labor dos seus profesionais.

TÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 1. Ámbito e obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular tanto a quenda de oficio como a asistencia letrada a persoas detidas, investigadas e vítimas no ámbito territorial do ICASC de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta, no artigo 29 do Decreto 146/1997 da Xunta de Galicia, nos artigos 30 e 31 do Estatuto xeral da avogacía e nos artigos 62 a 64 do Estatuto do ICASC.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos do presente regulamento, enténdese por servizo de garda de asistencia letrada a persoas detidas, investigadas e vítimas a realizada a estas cando non designen avogado ou avogada para a súa defensa en calquera dilixencia policial, ou para a súa primeira declaración ante un órgano xudicial.

Enténdese por quenda de oficio a designación dun avogado ou avogada en calquera das ordes e instancias procesuais, ben por solicitude da persoa interesada, ou ben por instancia dun xulgado ou autoridade.

Artigo 3. Adscrición á quenda de oficio e asistencia a persoas detidas, investigadas e vítimas

1. O avogado ou avogada que se adscriba á quenda de oficio desempeñará as funcións correspondentes segundo o disposto nos artigos 30 e 31 do Estatuto xeral da avogacía e nos artigos 62 a 64 do Estatuto do ICASC, así como o previsto na Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta e no presente Regulamento.
2. A defensa de oficio correspóndelles aos letrados e letradas exercentes residentes que posúan despacho profesional no territorio colexial e que se inscriban de forma voluntaria nos mencionados servizos ao cumprir os requisitos previstos no presente Regulamento.
3. A incorporación dos letrados e letradas ás listaxes de asistencia a persoas detidas, investigadas e vítimas comporta a incorporación á listaxe da quenda penal.
4. A prestación dos servizos propios da quenda de oficio e a asistencia a persoas detidas deberá ser realizada de maneira directa e indelegable polo letrado ou letrada que se designe. De forma excepcional e tras a debida comunicación escrita e motivada ao ICASC, este poderá acordar a substitución puntual segundo o establecido neste regulamento.
5. A adscrición á quenda de oficio comportará a obriga, para o letrado ou letrada, de contar cun seguro de responsabilidade civil coa contía e cos demais requisitos que determine a Xunta de Goberno do ICASC.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN DA QUENDA DE OFICIO

Artigo 4. Tramitación documental e informativa

1. O ICASC facilitaralles aos letrados e letradas da quenda de oficio e do servizo de asistencia letrada a persoas detidas, investigadas e vítimas un formulario (anexo 1 PR204A) que deberán cubrir obrigatoriamente para cada un dos servizos que presten e que teña carácter de retribuído segundo o presente regulamento.
2. As persoas solicitantes asistencia xurídica gratuíta serán informadas das normas reguladoras dos servizos e indicaráselles que, de non obter o recoñecemento do seu beneficio, estarán obrigadas ao aboamento dos honorarios do letrado ou letrada que se designase para a súa defensa.

Artigo 5. Incorporación á quenda de oficio

Poderán incorporarse ás listaxes da quenda de oficio os colexiados e colexiadas exercentes residentes que posúan despacho na demarcación territorial do ICASC e que reúnan as seguintes condicións:

- a) Cumprir os requisitos xerais mínimos establecidos na Orde ministerial do 3 de xuño de 1997.
- b) Non prestar servizos na Administración pública ou en entidades privadas, con suxeición a horarios que imposibiliten a prestación do servizo.
- c) Carecer de antecedentes penais, de acordo co establecido no artigo 32.1.d) e e) do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, conforme á redacción dada polo Real decreto 586/2022, do 19 de xullo.
- d) Estar ao día no pagamento das cotas colexiais.

Artigo 6. Consecuencias da designación

1. A designación implica para o avogado ou avogada a obriga de desempeñar a defensa ata a finalización da instancia, e incluso da superior nos recursos contra as providencias, autos ou sentenzas, salvo que o órgano a quen lle corresponda a súa tramitación radique fóra do partido xudicial da instancia.

Considérase dentro da mesma instancia o anuncio ou a preparación de recursos, segundo os casos, que procederen ao finalizar esta. Así mesmo, o avogado ou avogada terá a obriga de seguir a defensa no trámite de execución de sentenza, sen que poida escusarse ou ser substituído máis aló dos supostos legais ou regulamentariamente establecidos.

2. Cando a persoa interesada realice unha nova solicitude de avogado ou avogada de oficio nun asunto conexo con outro anterior, fará constar na súa solicitude tal circunstancia, así como o nome do letrado ou letrada que se lle asignou no anterior, co fin de que, se resulta posible, a designación recaia novamente nese ou nesa profesional. Nos procedementos de violencia de xénero, será a mesma dirección letrada quen deba asumir a defensa da vítima en todos os procedementos que se orixinen dende a presentación da denuncia inicial.

Artigo 7. Derivacións da primeira asistencia

Cando da primeira asistencia ou das actuacións subseguintes se derive un procedemento penal, o letrado que asiste asumirá tamén a defensa de oficio, tendo que cubrila ate finalizar a instancia, recursos e execucións.

Artigo 8. Escusa na quenda penal

Dentro da quenda de oficio penal, os avogados e avogadas con menos de cinco anos de exercicio profesional poderán escusarse daqueles procedementos iniciados por causas graves, con penas de seis anos ou superiores, ou procedementos ante o tribunal do xurado.

Artigo 9. Especialidades

1. A quenda de oficio comprende as seguintes especialidades:

- a) Civil
- b) Penal
- c) Laboral
- d) Administrativa e fiscal
- e) Violencia de xénero

2. Ao solicitar a incorporación á quenda de oficio, o avogado ou avogada manifestará as especialidades nas que se quere inscribir, ata un máximo de dúas. Non obstante, a especialidade de violencia de xénero non se terá en conta na anterior limitación e poderá solicitarse a maiores doutras dúas especialidades elixidas.
3. A listaxe de designacións (ordenada alfabeticamente) en cada unha das especialidades da quenda constituirá a orde de rotación conforme á cal se efectuará a designación para cada asunto.

TÍTULO III. ASISTENCIA LETRADA A PERSOAS DETIDAS, INVESTIGADAS E VÍTIMAS

CAPÍTULO I. LISTAXES DE GARDA

Artigo 10. Garda permanente

1. Estabelécense dúas quendas de garda permanente para a prestación de servizo de asistencia letrada a persoas detidas, investigadas ou vítimas: unha ordinaria e outra extraordinaria.
2. O servizo de asistencia letrada estará formado polos avogados e avogadas que figuren na quenda penal ordinaria que así o soliciten.

Artigo 11. Quenda ordinaria

A quenda ordinaria estará integrada polos colexiados e colexiadas que de forma voluntaria soliciten a súa incorporación e cumpran os requisitos recollidos no artigo 5 do presente regulamento. Dentro desta quenda, existirán tres listaxes:

- a) Listaxe diaria de garda de asistencia a persoas detidas ou investigadas, que estará constituída por un número de letrados suficiente para satisfacer as necesidades do servizo. Nos partidos xudiciais distintos do de Santiago de Compostela, as gardas terán carácter semanal.

Cada nova redacción das listaxes de garda realizarase alternando o nome dos letrados, de maneira que se rote a orde dos integrantes de cada grupo. Esta rotación non terá efecto nos partidos xudiciais que teñan gardas semanais.

- b) Listaxe especial de asistencia a vítimas de violencia de xénero e menores, que estará constituída por un número de letrados suficiente para satisfacer as necesidades do servizo. Para a incorporación a esta listaxe, os letrados deberán ademais cumprir os requisitos que estableza a normativa vixente en materia de violencia de xénero. Será organizada segundo as necesidades de cada partido xudicial e por acordo da Xunta de Goberno do ICASC.
- c) Listaxe especial para xuízos rápidos dos xulgados de instrución, cando así o acorde a Xunta de Goberno do ICASC.

Artigo 12. Quenda extraordinaria

A quenda extraordinaria estará composta por letrados da quenda ordinaria que o soliciten de forma voluntaria. Nesta quenda realizaranse as gardas do período de vacacións correspondentes aos períodos inhábiles. Non existe a posibilidade de elixir día para a realización destas gardas e a designación realizarase por sorteo.

A solicitude de inclusión nas listaxes da quenda extraordinaria realizarase por escrito dentro dos prazos que se establezan para tal fin.

CAPÍTULO II. PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 13. Asistencia a persoas detidas, investigadas ou vítimas

1. A quenda de asistencia desenvolverase desde as 0 ás 24 horas do día asignado, ou semanalmente para os partidos que teñan gardas con periodicidade semanal. Porén, o letrado ou letrada deberá asistir a persoa detida, investigada ou vítima nos días seguintes ao da garda se debido ás dilixencias policiais ou doutro tipo esta non fose conducida a presenza xudicial no mesmo día da garda.

2. Para localizar os avogados de garda, estes facilitarán un número de teléfono móbil no momento de solicitar a súa incorporación ao servizo. O devandito número será o que figure nas listaxes de garda que serán difundidas entre os órganos xudiciais e os centros de detención da demarcación territorial do ICASC.
3. O letrado está obrigado a cubrir o formulario oficial (anexo I PR204A) co que se xustifica a asistencia realizada e mais a solicitude de xustiza gratuíta. Este formulario deberá figurar selado pola autoridade xudicial ou policial ante a que se realiza a dita asistencia e presentarse coa maior brevidade posible nas dependencias do ICASC ou por medio da aplicación telemática que sexa implantada por acordo da Xunta de Goberno.

Se non se cobre o devandito formulario, ou se se cobre indebidamente, non se lle poderá aboar a asistencia correspondente ao letrado. O incumprimento reiterado desta obriga será considerado falta leve para os efectos disciplinarios.

Artigo 14. Responsabilidades dos letrados e letradas de garda

Son obrigas e responsabilidades exclusivas dos letrados e letradas de garda:

1. Comprobar o día que lles corresponde realizar a garda, a partir das listaxes que lles remite o ICASC por correo electrónico e que ademais son publicadas no taboleiro de anuncios, na páxina web e na aplicación móbil do colexio.
2. Estar permanentemente localizados durante as vinte e catro horas do día ou da semana en que lles corresponde a súa garda.

O letrado que se atope imposibilitado para cumprir a garda o día asignado deberá comunicarllo ao ICASC con suficiente antelación, de acordo co establecido neste regulamento en canto a substitucións e permutas.

Artigo 15. Prestación dos servizos de asistencia

1. A prestación dos servizos de garda e asistencia serán indelegables e terán que ser realizados directamente polo profesional designado, agás nos casos de substitucións ou permutas previstos neste regulamento. O letrado designado deberá estar permanentemente localizable durante o período da súa garda.
2. O profesional de garda que se atope imposibilitado para prestala no día que teña asignado deberá comunicarllo ao ICASC con antelación suficiente para que este poida xestionar a súa substitución. No caso de urxencia motivada por unha indisposición sobrevida e que coincida fóra do horario laboral das oficinas do ICASC, poderase solicitar a un compañeiro da mesma listaxe de garda a substitución puntual. Esta substitución deberá poñerse en coñecemento do ICASC o antes posible.

Poderán realizarse permutas dos días de garda dentro do mesmo trimestre entre letrados de garda dese trimestre. Estas permutas deberán comunicarse ao ICASC o antes posible e sempre con antelación ao primeiro día permutado.

3. O letrado de garda daralles sempre preferencia a aquelas asistencias que eviten a demora na prolongación da detención ou dilación da posta en liberdade da persoa detida, dentro do prazo que establece a Lei de axuízamento criminal.
4. O letrado de garda que sexa requirido para asistir a máis dunha persoa por unhas mesmas dilixencias, atenderá soamente a primeira que lle sexa encomendada e escusarase de asistir ás demais se ten a evidencia de que as súas defensas poden ser incompatibles. De todo isto dará conta con urxencia ao ICASC.

Se as dependencias colexiais se atopasen fóra do horario de atención, o letrado poñerá en coñecemento do centro de detención ou órgano xudicial, co fin de que se proceda á localización dos restantes letrados de garda.

5. Cando os letrados de garda que estean designados para un día fosen insuficientes para cubrir todas as peticións das forzas e corpos de seguridade do Estado e dos órganos xudiciais, deberá chamarse por orde os seguintes profesionais que figuren na listaxe, preferentemente os dos días posteriores.

CAPÍTULO III. RETRIBUCIÓN

Artigo 16. Retribución das gardas

As gardas das asistencias a persoas detidas, investigadas ou vítimas retribuiranse equitativamente entre os letrados e letradas da listaxe de asistencia, con independencia de que os seus servizos fosen ou non requiridos.

Da mesma maneira, as gardas prestadas polos letrados e letradas que integran a quenda extraordinaria dos períodos inhábiles serán retribuídas de forma equitativa entre eles e elas.

Artigo 17. Segunda asistencia

Cando concorresen as circunstancias previstas no artigo 6.2 da LAXG e no artigo 40.4 *a contrario sensu* do Regulamento de asistencia xurídica da CA de Galicia, cubrirase o formulario habilitado para este efecto (modelo 2ª asistencia). Este formulario deberá ser presentado no ICASC debidamente cuberto e acompañado dalgún xustificante do motivo da segunda asistencia para que esta última lle sexa computada e aboada individualmente ao letrado que a realizase.

TÍTULO IV. DEFENSA NA QUENDA DE OFICIO

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 18. Designación provisional

1. O ICASC procederá a designarlle de forma provisional un letrado ou letrada á persoa que solicite a asistencia xurídica gratuíta ante o ICASC ou ante o órgano xudicial. Esta designación seralle comunicada tanto ao letrado coma á persoa solicitante.
2. A designación provisional do ICASC, que se efectuará seguindo a orde da listaxe, deberá ser confirmada posteriormente pola Comisión Provincial de Asistencia Xurídica Gratuíta da Xunta de Galicia (en diante CAXG).

No caso de que a CAXG non confirme a designación provisional por denegarse o beneficio de xustiza gratuíta, o letrado designado terá dereito a cobrarlle os seus honorarios á persoa solicitante.

Artigo 19. Información á persoa solicitante sobre a retribución da asistencia

O letrado ou letrada que se designe de forma provisional deberá advertir a persoa solicitante de que toda xestión profesional deberá ser retribuída por esta última no caso de que non lle sexa recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 20. Vixencia da designación

A designación terá unha vixencia de tres meses. Transcorrido este prazo, se a persoa solicitante non chegase a entrevistarse ou poñerse en contacto co letrado ou letrada ou non lle entregase a documentación requirida en que basear a súa defensa, a designación efectuada quedará sen efecto, ao entenderse que se produciu a desistencia da pretensión por pasividade da persoa solicitante. O letrado ou letrada deberá comunicarlle ao ICASC a devandita circunstancia e acreditar que se puxo previamente en contacto co cliente, co fin de que poida declarar unha desistencia.

O preceptuado no parágrafo anterior non será de aplicación á especialidade da quenda penal en relación coa persoa investigada ou detida.

Artigo 21. Formulación de recursos e procedementos conexos

1. Se a tramitación do asunto encomendado esixise a formulación dun recurso ante un órgano xurisdiccional fóra da demarcación territorial do ICASC, o letrado designado na instancia esgotará todos os trámites procesuais que cumpra efectuar nesta demarcación. De ser o caso, este poderá solicitar a designación de profesionais do ámbito territorial ante o tribunal que coñeza do recurso.
2. Nos asuntos que comporten un novo procedemento e que teñan conexión con outro anterior, a persoa solicitante poderá pedir a designación do mesmo letrado, a cal será autorizada polo ICASC, agás no caso de renuncia deste a continuar representando os intereses do cliente ou que este causase baixa na listaxe da quenda de oficio correspondente.

Artigo 22. Renuncia e insostibilidade da causa

1. O letrado ou letrada poderase escusar ou renunciar á designación cando concorran motivos persoais ou algunha causa de incompatibilidade coa persoa solicitante; causa que deberá ser apreciada polo ICASC. Esta escusa ou renuncia deberase formular por escrito no prazo de cinco días desde a notificación da designación ou desde que se teña coñecemento das súas causas.
2. Para o caso de que proceda designar un novo letrado por incompatibilidade entre a persoa solicitante e o designado inicialmente, a comisión colexial da quenda de oficio poderá advertir o novo letrado das circunstancias que concorran.
3. Cando o avogado designado considere insostible a pretensión, deberá comunicarllo á CAXG da Xunta de Galicia mediante un escrito debidamente motivado dentro dos quince días seguintes dende a súa designación. Se o anterior prazo transcorrese sen que se producise tal comunicación, o avogado quedará obrigado a asumir a defensa.

Artigo 23. Requisitos para a retribución da quenda

1. A quenda de oficio retribuirase atendendo o número de asuntos en que o avogado designado interviñese efectivamente e de acordo co baremo establecido pola administración. Será requisito indispensable para o seu pagamento o recoñecemento do beneficio de asistencia xurídica gratuíta por parte da CAXG (PR...).
2. Para o cómputo económico os letrados deberán entregar, datado e asinado, o formulario facilitado polo ICASC antes da finalización de cada trimestre. Nel faranse constar os datos de identificación do asunto da quenda, así como as xestións e as dilixencias efectuadas, o número de procedemento e o xulgado, o número de resolución, a concesión da xustiza gratuíta etc., e canda el anexaranse os xustificantes da actuación realizada dentro do correspondente trimestre, con observancia dos requisitos que establece para o efecto o artigo 48 do Regulamento da asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 24. Cobramento de honorarios ao cliente

1. O letrado de oficio terá dereito a percibir honorarios do seu cliente nos casos previstos nos artigos 18 e 36.3 da Lei de asistencia xurídica gratuíta e no artigo 17.3 do Regulamento de asistencia xurídica gratuíta da CA de Galicia.
2. Se o avogado designado, tendo dereito a isto, lle cobrar ao cliente os seus honorarios ou as custas, estará obrigado a comunicarllo ao ICASC, co fin de que non lle sexa computada tal designación. De ser o caso, deberá reintegrar as cantidades que puidese percibir da administración competente por tal concepto.

Artigo 25. Baixas

Causarase baixa nas listaxes da quenda de oficio e nas listaxes da garda por algunha das seguintes causas:

1. Por solicitude do interesado, mediante escrito dirixido á Xunta de Goberno do ICASC.

O renunciante deberá continuar os asuntos iniciados ata o remate da instancia, agás causa xustificada, que deberá ser valorada pola Xunta de Goberno. En todo caso, procurarase preservar a unidade letrada nos asuntos en que se esixa.

No caso de baixa voluntaria, non poderá solicitar a alta nas listaxes da quenda ata que transcorran dous anos dende aquela.
2. Por deixar de cumprir os requisitos esixidos para causar alta no servizo, de acordo co artigo 5 deste regulamento.

Artigo 26. Pedimento de suspensión e as súas consecuencias

1. O letrado, por causa xustificada, poderá solicitar a suspensión temporal na quenda de oficio durante o tempo que precise. A Xunta de Goberno do ICASC valorará a petición e acordará sobre a suspensión.
2. O letrado estará obrigado a finalizar os asuntos para cuxa defensa foi designado, aínda que solicite a suspensión na quenda de oficio, salvo autorización da Xunta de Goberno por causa suficiente e debidamente xustificada.

CAPÍTULO II. INCOMPATIBILIDADES E RENUNCIAS

Artigo 27. Incompatibilidades

Ademais do disposto nas leis procesuais, no Estatuto xeral da avogacía e no Código deontolóxico, a defensa de oficio é incompatible con:

- a) Ter parentesco de consanguinidade ou afinidade dentro do cuarto grao civil co litigante adverso.
- b) Ter o mesmo parentesco, dentro do segundo grao, co letrado da parte adversa.
- c) Ter defendido a parte adversa.
- d) Ter intereses comúns coa outra parte.
- e) Ter un interese directo.
- f) Compartir despacho profesional co letrado da parte adversa ou coimputado.

Artigo 28. Renuncias

A designación de oficio é irrenunciable, agás polas causas de:

- a) Parentesco de consanguinidade ou afinidade dentro do cuarto grao civil con algunha das partes do procedemento.
- b) Acreditación suficiente de non poder facerse cargo do asunto por enfermidade ou ausencia prolongada.
- c) Incompatibilidade ou conflito de intereses co asunto e/ou coas defensas.
- d) Cando o beneficiario da xustiza gratuíta incorra en feitos que puidesen ser constitutivos de delito contra o letrado designado ou o seu contorno, ou en condutas obxectivas graves que comprometan a seguridade ou a integridade do dito letrado.
- e) Por calquera outra causa extraordinaria que sobreveña, que deberá ser estimada pola Xunta de Goberno do ICASC.

Artigo 29. Procedemento de renuncia

As renuncias deberánselle comunicar á Xunta de Goberno do ICASC dentro dos cinco días hábiles seguintes á notificación da designación ou desde que se ten coñecemento da causa de renunciabilidade, salvo o que se dispoña legalmente para termos máis breves.

No suposto de que se acepte a renuncia, designarase o seguinte letrado da listaxe correspondente. Ao letrado substituído designaráselle outro asunto, salvo que xa o declarase e lle fose aboadado.

Nos supostos do apartado d) do artigo anterior, procederase a aceptar a renuncia e designar un novo profesional por trámite de urxencia.

TÍTULO V. DA COMISIÓN COLEXIAL DA QUENDA DE OFICIO

Artigo 30. Composición da comisión

A comisión colexial da quenda de oficio estará composta por dous deputados, como mínimo, da Xunta de Goberno do ICASC. Estará presidida por un deses deputados, que á vez será o coordinador do servizo de asistencia a persoas detidas, investigadas e vítimas e da quenda de oficio.

Formará tamén parte da dita comisión o secretario técnico do ICASC, con voz pero sen voto.

Por acordo da Xunta de Goberno, poderanse nomear ademais os membros que se considere oportunos para esta comisión de entre os letrados incorporados ao servizo de asistencia a persoas detidas, investigadas e vítimas e quenda de oficio.

Artigo 31. Funcións da comisión

Correspóndelle á comisión colexial da quenda de oficio:

1. Realizar o seguimento da quenda de oficio e do servizo de asistencia a persoas detidas, investigadas e vítimas, e solicitarlles cando for preciso información aos avogados sobre o estado dos asuntos.
2. Controlar a repartición dos asuntos e o aboamento das correspondentes actuacións.
3. Examinar as incidencias e as queixas que se produzan e proporlle á Xunta de Goberno as medidas que cumpra adoptar.

4. Propoñerlle á Xunta de Goberno a apertura de expediente disciplinario aos letrados que incumpriren as obrigas inherentes á súa designación; poderá propor, de ser o caso, a baixa provisional do afectado pola tramitación do expediente.
5. Manter, por medio do membro da Xunta que a preside, contactos periódicos cos órganos xudiciais, coa fiscalía e cos corpos de seguridade e outros organismos oficiais, así como colaborar co Colexio de Procuradores e con outros colexios da avogacía, coa finalidade de obter a máxima eficacia no servizo.
6. Promover a reforma do presente regulamento e a redacción de normas de funcionamento.
7. Promover a realización de cursos de actualización.
8. Propoñerlle á Xunta de Goberno a resolución das dúbidas ou dos conflitos que se poidan producir sobre o funcionamento do servizo e en canto á interpretación do presente regulamento.
9. Todas aquelas outras funcións atribuídas no presente regulamento ou que lle poida delegar a Xunta de Goberno.

Artigo 32. Remoción de membros

A Xunta de Goberno do ICASC poderá remover os membros da comisión e as súas funcións delegadas cando incumpriren manifestamente as funcións atribuídas e logo dunha audiencia destes.

TÍTULO VI. SERVIZO DE ORIENTACIÓN XURÍDICA

Artigo 33. Composición do SOX

O Servizo de Orientación Xurídica (SOX) do ICASC estará formado por un deputado da Xunta de Goberno, que se encargará das funcións de dirección e coordinación, polo secretario técnico do ICASC, que realizará as funcións de letrado, e polo persoal administrativo do ICASC, que se encarga da xestión da quenda de oficio. Se a Xunta de Goberno o considerase oportuno, en atención ás necesidades do SOX, poderá acordar que se amplíe o número de letrados que presten o servizo.

Artigo 34. Funcións do SOX

As funcións do SOX son:

1. Asesorar as persoas solicitantes do beneficio de asistencia xurídica gratuíta na tramitación do expediente e da documentación que deben achegar.
2. Comprobar a competencia territorial para determinar o colexio que se deba encargar de tramitar as solicitudes de asistencia xurídica gratuíta.
3. Analizar as peticións ou a documentación remitidas desde calquera oficina xudicial en relación coa asistencia xurídica gratuíta.
4. Remitirlle á CAXG da Xunta de Galicia a documentación recibida das persoas solicitantes xunto coa proposta do nomeamento provisional dos profesionais ou, de ser o caso, coa advertencia sobre a denegación.
5. Proporlle ou solicitarlle á Xunta de Goberno do ICASC a adopción de medidas que redunden na mellora do servizo de asistencia xurídica gratuíta.
6. Trasladarlle á Xunta de Goberno ou á comisión da quenda de oficio do ICASC calquera incidencia na prestación do servizo.

TÍTULO VII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 35. Potestade disciplinaria e competencia

O incumprimento das normas establecidas neste regulamento, así como as xerais para o desempeño do servizo, dará lugar á apertura das correspondentes dilixencias de información previa ou do procedemento disciplinario correspondente. Corresponderalle a un membro da Xunta de Goberno do ICASC asumir a competencia da instrución dos ditos procedementos informativos ou disciplinarios. A competencia resolutoria destes procedementos corresponderalle á Xunta de Goberno.

Os procedementos indicados tramitaranse conforme ao establecido no Estatuto xeral da avogacía, no Estatuto do ICASC, no Regulamento de procedemento disciplinario do CGAE e no presente regulamento.

Artigo 36. Clasificación das infraccións

As infraccións que poidan comportar sanción disciplinaria clasificaranse como moi graves, graves e leves.

Artigo 37. Infraccións moi graves

Considéranse infraccións moi graves:

1. A percepción de honorarios do cliente ou clienta da quenda de oficio sen ter dereito a eles.
2. A falta de asistencia sen causa xustificada a unha vista ou actuación procesual de análoga natureza.
3. A falta de prestación sen causa xustificada da garda que lle foi asignada.
4. Non estar localizable ou dispoñible durante o período asignado para a prestación do servizo de garda.
5. A ocultación dunha causa de incompatibilidade para acceder á quenda de oficio e ao servizo de asistencia ou o desempeño dun cargo na administración pública ou nunha entidade privada con suxeición a horario que impida a prestación do servizo.
6. A presentación dun xustificante dunha asistencia durante a garda sen realizala efectivamente.
7. A substitución dunha actuación concernente á quenda de oficio por un avogado ou avogada que non cumpra os requisitos de acceso á quenda ou permanencia nesta.
8. A reincidencia dunha falta grave. Para estes efectos, entenderase que existe reincidencia cando o colexiado incorra novamente en responsabilidade disciplinaria e conste anotada no seu expediente persoal unha sanción pola comisión doutra falta grave.

Artigo 38. Infraccións graves

Considéranse infraccións graves:

1. A falta de atención e asesoramento sen causa xustificada ao cliente que lle foi designado na quenda de oficio.
2. A substitución non autorizada no servizo.
3. A presentación dunha insostibilidade da pretensión cando resulte de manifesta temeridade.

4. A percepción de honorarios do cliente da quenda, ou da parte contraria por condena ás custas, cando aínda tendo dereito a eles non llo comunique ao ICASC para proceder, de ser o caso, á compensación das cantidades recibidas pola quenda.
5. Figurar de alta na quenda de oficio nun partido xudicial en que non exerza a actividade profesional principal.
6. A substitución sistemática na quenda de oficio por outro compañeiro que estea adscrito á quenda.
7. Declarar de forma reiterada nas xustificacións trimestrais actuacións que xa foron declaradas e aboadas en trimestres anteriores, así como a declaración de actuacións que non foron realizadas.
8. Non asistir á persoa investigada nas dependencias xudiciais nos días seguintes ao da garda.
9. A reincidencia dunha falta leve.

Artigo 39. Infraccións leves

Considéranse infraccións leves:

1. Non atender coa dilixencia debida os asuntos derivados da quenda de oficio, cando este incumprimento non constitúa infracción grave ou moi grave.
2. Non presentar os xustificantes das asistencia da garda no prazo de sete días dende a finalización da dita garda.
3. Calquera outra infracción recollida nas normas reguladoras que afecten a quenda de oficio e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

Artigo 40. Sancións

As sancións que se poden impoñer son:

- f) Por infraccións moi graves: suspensión no servizo de asistencia a persoas detidas, investigadas e vítimas e na designación de novas quendas de oficio por un prazo superior a dous anos sen exceder cinco, ou expulsión definitiva do dito servizo se o letrado ou letrada fose reincidente dunha falta moi grave.
- g) Por infraccións graves: suspensión na asistencia a persoas detidas, investigadas e vítimas e na designación de novas quendas por un período máximo de dous anos.
- h) Por infraccións leves: sancionarse cun apercibimento da Xunta de Goberno ou coa suspensión na designación ou asistencia a un máximo de catro meses.

Unha vez incoado un expediente disciplinario como consecuencia dunha denuncia formulada por unha persoa usuaria dos servizos de asistencia xurídica gratuíta, cando a gravidade do feito denunciado o aconselle, poderá acordarse a separación cautelar do servizo do avogado ou avogada presuntamente responsable por un período máximo de seis meses, ata que o expediente disciplinario se resolva.

Artigo 41. Prescrición das infraccións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde que a infracción se cometa. Nos casos de infracción continuada ou infracción permanente, tal prazo computarase, respectivamente, desde o día en que se realizase a última infracción ou desde que cesase a situación ilícita.

3. A prescrición interromperase pola notificación á persoa colexiada afectada do acordo de incoación e información previa á apertura de expediente disciplinario, e continuará o cómputo do prazo de prescrición se nos tres meses seguintes non se iniciase un expediente disciplinario ou se este permanecese paralizado durante máis de seis meses por causas non imputables ao colexiado ou colexiada.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Os expedientes disciplinarios abertos antes da entrada en vigor deste regulamento, e que se atopen en fase de tramitación nesa data, rexeranse ata a súa conclusión polas normas vixentes no momento da súa incoación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango en todo o que contradigan o presente regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA

O presente regulamento redáctase ao abeiro do disposto na Lei 1/1996 de asistencia xurídica gratuíta e no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, polo que, para o non previsto por este regulamento, resolverase de conformidade coas citadas normas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento foi aprobado por acordo da Xunta Xeral do ICASC na sesión